

II TRIATLÓN DE MENORES CIDADE DE A CORUÑA (BX/AL/IN)
PROBA DE PROMOCIÓN PREBENXAMÍN ABERTA- NON COMPETITIVA
CICUÍTO SÚPER SPRINT CD/XV/JN
PROBA POPULAR

Organiza:

Club Triatlón Coruña
Persoa de contacto: Daniel Gonzalez / Juan Clemente Diaz
Tlf. 698127175 / 678461065.
Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno
Tlf 982251345.

Colaboran:

Concello de A Coruña
Secretaría Xeral para o Deporte
Puertos de A Coruña
Policía Local
Cruz Roja
Protección Civil
Gadis
Decatlón
Desarrolla

Data:

19 de xullo de 2025

Saída:

[Marina Parrote](#)

Horarios:

Proba popular sprint: :15:00h

Proba Súper Sprint cadete-xuvenil-junior: 17:00h

Proba Infantil: 18:15h

Proba Alevín: 19:15h

Proba Benxamin: :20:00

Proba aberta promoción Prebenxamin – NON COMPETITIVA: 20:30H

***habilitaranse saídas inclusivas de ser preciso por cuestións de equipamento.*

Recollida de dorsais:

O día da proba na secretaría da proba a carón da zona de transición a partir das 13:45h.

Control de material:

Dende 45 minutos ata 10 minutos antes de cada saída.

Categorías e distancias:

CATEGORÍA	NATACIÓN	CICLISMO	CARREIRA
Proba Absoluta Popular	750 m (1 v)	19.000 m (5v)	5.000 m (2v)
Proba Súper Sprint (CD/XV/JN)	300 m (1v)	11.750 m (3v)	2.500 m (1v)
Infantil	300 m (1v)	8.000 m (4v)	2.000 m (1v)
Alevín	200 m (1v)	4.500 m (2v)	1.000 m (1v)
Benxamín	100 m (1v)	2.000 m (1v)	500 m (1v)
Prebenxamín	50 m (1v)	1000 m (1v)	250 m (1v)

INSCRICIÓNS

Ata o martes 15 de xullo.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado Competicións /Inscricións, accedendo á carreira de referencia. Os abonos de cotas e licenzas de 1 día serán realizados con tarxeta a través de TPV bancario.

Triatlón de Menores (BX/AL/IN) e Circuito Súper Sprint (CD/XV/JN)

Só deportistas con licenza FEGATRI en vigor. Gratuíta.

Clubs.- Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón “inscrición” e introducirase o código do club e a contrasinal.

Deportistas individuais- A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario.

Proba promoción prebenxamín- Non Competitiva

Poderán participar deportistas nados en 2018 e 2019 con licenza federativa en vigor na tempada 2024 ou que tramiten a licenza temporal de 1 día na FEGATRI (custe da licenza temporal de 1 día- 6,00€)

Clubs.- Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón “inscrición” e introducirase o código do club e a contrasinal.

Deportistas con licenza nacional de triatlón - A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario.

Deportistas con licenza temporal de 1 día (non federados): A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario de deportistas con licenza temporal de 1 día e subir o formulario de protección de datos. <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>
O abono da cota de licenza temporal farase con tarxeta bancaria a través de TPV. Cota licenza temporal 1 día 6,00€

Proba Sprint Popular

Limitada a 150 participantes.
Cota de inscrición: **20,00 €**

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competicións/inscricións](#), accedendo á carreira de referencia.

Clubs.- Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón “inscrición” e introducirase o código do club e a contrasinal.

Deportistas con licenza nacional de triatlón - A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado [Competicións/inscricións](#). Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario.

Deportistas con licenza temporal de 1 día (non federados): A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón www.fegatri.org, no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario de deportistas con licenza temporal de 1 día e subir o formulario de protección de datos. <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx> e a copia do DNI. O abono da cota e da licenza temporal farase con tarxeta bancaria a través de TPV. Cota licenza temporal 1 día 20,00€/ menores 6,00€ que se sumarán á cota da inscrición.

Baixas e política de devolución:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. As devolucións serán realizadas na tarxeta de pagamento na semana posterior á celebración da proba. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

*Tríatlon de Menores (BX/AL/IN)- de acordo ao regulamento poderán comunicarse baixas ata as 20:00 horas do mércores anterior á proba. As baixas non comunicadas en prazo terán a penalización establecida recollida nos regulamentos FEGATRI.

Publicación de listas de persoas inscritas: As inscricións son públicas na plataforma e visibles no momento da súa realización aos efectos de comprobación.

Publicación de lista provisional oficial: O xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de persoas inscritas (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Categorías: Prebenxamín - Benxamín - Alevín - Infantil- Cadete - xuvenil- Junior – Absoluta.

Premios:

Trofeo/medalla para as tres primeiras persoas clasificadas masculinas e tres primeiras femininas da proba popular sprint.

Trofeo/medalla para as tres primeiras persoas clasificadas de cada categoría e xénero nas categorías menores e na proba do circuío súper sprint.

Trofeo para os tres primeiros clubs da proba súper sprint de acordo a regulamento.

Trofeo para os tres primeiros clubs de cada categoría e xénero do triatlón de menores.

Medalla para todos os participantes da proba prebenxamín non competitiva.

Regulamento: A proba rexerase polas normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competicións vixente da Federación Española e Federación Galega de Tríatlon.

Todos e todas as participantes deberán identificarse con documento oficial con foto. Estarán permitidos os minifreos nas bicicletas para as categorías menores, unha vez que se revise que a súa colocación non infrinxe a seguridade para deportistas e resto de participantes. A bicicleta de montaña está permitida para as categorías menores, pero os guiadores deberán ir correctamente tapados. Non se poderán levar engadidos na bicicleta (cestas, patas de cabra,...)